

DiariodoSalnés

Patricia Arias Chachero: "A inquietude de aprender do que me rodea"

Coa súa orixe en Ponferrada, decidiu mudar ao Salnés para desenvolver a súa carreira como mestra en centros do Grove ou Vilagarcía

[Alberto Avendaño](#)

26 de novembro de 2023

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/o-salnes/patricia-arias-chachero-inquietude-aprender-do-que-rodea/202311261505361281018.html>

A miña historia

Cheguei ao Salnés no curso 2008-09. Foi totalmente azaroso. Eu veraneara sendo rapaza cos meus tíos que vivían en Cambados. Coñecía Vilagarcía de adolescente, pero non tiña vínculo ningún co Salnés. Chego ao Grove para dar clase, decido instalarme en Vilagarcía de Arousa porque me parecía un lugar cómodo, entre Vigo, Pontevedra e Santiago. Tiven a sorte de caer nun centro pequeno que se chama As Bizocas, diante do mar, dar aulas dende alí é espectacular, é destes institutos bonitos de Galicia. Tiven a sorte que o ano que cheguei coñecín a Antón Mascato que naquel momento era concellerio de Cultura no Grove. El insistíume moito en que para dar clase no Grove había que coñecer o territorio, a historia, que os rapaces ían facerme máis caso, e entender mellor do que eu lles estaba falando, se lles falaba de cousas máis próximas a eles. O primeiro ano que estiven como profesora nas Bizocas fixemos un libro con historias de mulleres, titulouse Mecas, recolléronse unhas 100 historias, seleccionáronse 27 e fixemos unha presentación nunha praza con lecturas dos rapaces. Foi un acto moi emotivo porque viñeron as familias, as avoas que eran moitas veces as protagonistas.

Pero ti non es de aquí.

Eu nacín en Ponferrada. A miña nai, da zona da maragatería e meu pai dunha aldea a sete quilómetros de Ponferrada que se chama Valdecañada. Con tres anos fun vivir ao País Vasco, a Bilbao. Ali vivín ata os dez. Estudei nunha ikastola e logo viñemos para Ourense, e alí vivín ata que entrei na universidade.

Como foi o cambio de Euskadi a Galicia?

Recordo a escola. O sistema educativo dun Bilbao dos 80. E recordo o choque de chegar á escola en Galicia. Dunhas aulas moi claras moi dinámicas, pasei a unha aula escura con pupitres de madeira coa tapa que se levantaba, cun burato que alguén me explicou que era para colocar un tinteiro. Cun sistema moi memorístico, moi repetitivo no que eu non encaixei ben.

Mellor en Euskadi logo?

Si, porque o facían moi ben. Era unha ikastola pública. Todas as materias que eran divertidas viña alguén que falaba éuscaro. A de música, as cancións eran en éuscaro. Na piscina, na que nos ensinaba a nadar, as instrucións eran en éuscaro.

Falas éuscaro?

Non sei, non. Un, dous, tres e algunha cousa máis. E logo algunha consigna de gritala nalgunha manifestación.

Antes de saíres de Ourense fas maxisterio.

Non estaban as cousas en casa así como para que fose a estudar a Santiago e decidín matricularme en Ourense en maxisterio. Tiven moi bos profesores xente coa que aínda hoxe teño trato e da que aprendín moito.

E logo vén Santiago.

Fixen simultaneamente galego e hispánicas. Cursei dúas carreiras. Pensei que non sacaba ningunha pero... saquei as dúas.

Como é que unha rapaza de fóra se interesa polo galego?

Tiven a sorte de ter moi bos profesores. En segundo de BUP dábame clase de teatro Ánxeles Cuña, e logo unha persoa fundamental na miña vida nese momento é Afonso Vázquez Monxardín, que é o meu profesor de literatura galega e que é unha persoa moi boa contando historias na aula. Recordo ter 15 ou 16 anos e andar por Ourense buscando o bar do Tucho, buscando onde nos explicara Monxardín que era a tertulia con Vicente Risco ou con Otero Pedrayo.

Entras no galego dunha maneira emocional?

Si. É verdade que logo, os círculos de persoas galego falantes, de contado comprendes no instituto que son determinadas persoas. Recordo un Día das Letras Galegas comprar uns paquetes de sopas de letras e repartir as letras na entrada do instituto.

E cando chegas a profesora seica segues repartindo letras.

Antes de estar no Grove estiven tres anos en Brión, ao lado de Santiago, e nese centro tiven moi boa experiencia coa rapazada en canto ao tema da lingua. Falamos sobre se o galego estaba ou non estaba nos móbiles e escribímoslle unha carta a todas as compañías, onde nenos de 15 anos preguntaban por que non podían configurar o seu móbil en galego. E de alí lanzamos unha campaña a outros institutos co tema da lingua na telefonía móbil.

O ensino para ti é un tipo de activismo?

Creo que non. Pero para min o ensino non é o que pon o libro. Creo que o que pon o libro recordámolo pouco tempo.

E iso non che trouxo problemas?

Non me trouxo problemas nunca pero si que é verdade que hai centros que se prestan máis a facer certo tipos de cousas, e eu freo o ritmo de actividade se non me sinto acollida.

E no Grove sentícheste acollida.

No Grove tiven a oportunidade de crear unha rede moi forte coa sociedade e era moi agradable traballar, e non importaba pasar moitas horas. Porque eu vía que a rapazada aprendía e eu aprendía e ao mesmo tempo estabamos facendo algo que a sociedade admitía e que lles aportaba algo.

E no Bouza Brey, en Vilagarcía?

Foron dez anos. Foi o ano que lle dedicaron as Letras a Díaz Castro e eu estaba investigando naquel momento sobre un colexio e unha librería que había aquí, que era o León XIII e a Librería Celta. Sabía que Díaz Castro dera clase en Vilagarcía e montei un equipo de investigación cos meus alumnos e un Congreso Díaz Castro, e o segundo foi sobre Fermín Bouza Brey. Había conferencias de expertos presentados por rapaces e conferencias de rapaces presentados por adultos.

Así achegas a historia da literatura galega aos teu alumnos.

Claro. Moitos non sabían que o primeiro libro de posguerra en galego se publica aquí en Vilagarcía. O primeiro poemario, Cómaros Verdes de Aquilino Iglesias Alvariño, publícase nunha pequena librería en Vilagarcía en 1947. Aquilino ven ao León XIII e fai que Díaz Castro veña para aquí a dar clase.

Que é o ensino para ti?

Espertarlles a curiosidade, que o que pon no libro é algo que ten que ver contigo. Que temos unha memoria moi efémera para atrás pero que se te pos a preguntar hai xente da túa casa que viviu a guerra civil. No instituto apareceron libros asinados por Castelao porque Castelao viña a Vilagarcía. Chegaron a min as fotos que fixo Antonio Caeiro cando fixo o documental Illados, e unha bisneta de Dámaso Carrasco era alumna miña naquel momento e eu, falándolles en clase e supoño que poñendo o vídeo, a miña alumna dixo que diso falaban na súa casa.

Por que se di que o galego se perde?

Porque non son suficientes determinados esforzos. Non sei se o galego se vai recuperar nos institutos. O que se fai non é suficiente para que a rapazada sinta a súa lingua como algo propio, valioso, algo do que hai que estar orgullosos.

A culpa é sempre do goberno?

O goberno podería facer máis. A min de pequena as clases que máis me gustaban eran música, o de ir a piscina e o de ler. As cancións eran en éuscaro, o de nadar tamén era en éuscaro... eu recordo de nena dicir que eu era de Bilbao. Meu pai dicíame que non, que eu era de Ponferrada.

De onde es logo?

De Ourense. Sigo sen ser de Ponferrada.

E o Salnés que é para ti?

Onde me gusta vivir. Serei de Ourense pero vivirei aquí. Creo que se vive ben, que a natureza é impresionante e que é un lugar moi agradable.

E podendo ser de Ponferrada, de Bilbao ou de Ourense, cando chegas ao Salnés; que tipo de rapaces encontras?

É moi diferente a rapazada do Grove que a rapazada de Vilagarcía. No Grove a primeira sensación é que son moi ásperos. E cando estiven varios anos sentínme moi arroupada, moi querida. Os rapaces eran moi afectuosos comigo, moi nobles. É xente moi traballadora.

Como chegas á Fundación Otero Pedrayo?

Estiven tres anos de bolsa traballando con documentación. Foi un periodo de formación. Agora son a Secretaria, nunca me marchei. A causa oteriana, como é un intelectual tan potente, esixe moito de min. E permíteme traballar coa xente de Trasalba. Hai moito traballo por facer e é un patrimonio moi difícil de xestionar.

Como se conecta ese mundo coas novas xeracións?

É difícil. Determinado tipo de traballo intelectual ou literario está moi lonxe da nosa rapazada. Eu procuro que entendan que antes deles houbo máis cousas. No caso de Otero Pedrayo, a xeografía, o lugar, funciona. Ver que esa casa existe, que onde transcorren Os camiños da vida é alí.

Que significou o libro das colareiras do Grove?

Nas presentacións dese libro vivín cousas absolutamente emocionantes. Unha señora maior que se quita un colar do pescozo e dime gracias ou xente que che conta que, cando tiñan 9 anos, os pais saían pescar e os deixaban na illa do Areoso e pasaban as horas peneirando area para sacar unhas minchas azuis que lles chaman morados para facer uns colares cunhas cunchas diminutas... témolo aí e non o valoramos.

Como te defines?

Con vocación docente e coa inquietude de aprender do que me rodea.

De que te arrepiñes?

De moitas cousas.

De que te trouxesen a Galicia?

Non, diso non. Se meu pai estivese aquí diría 'dá igual onde a levásemos, ela ía ser nacionalista': en Bilbao, en Ourense, no Grove ou en Vilagarcía.

Test de vida

Unha palabra?

Galicia.

Un lugar?

A praia da Lanzada.

Unha persoa?

Otero Pedrayo.

Unha personaxe?

O Maroutallo, a protagonista dun conto de Otero Pedrayo. Unha muller fea, en castelán diríamos un 'marimacho' ou algo polo estilo. É unha persoa boa, unha persoa con bo fondo, e é unha feminidade alternativa na obra dun señor que morreu en 1976.

Alguén importante?

No Salnés, Antón Mascato.

Un obxecto? Unha cousa?

Un colar de cunchas.

Unha ferramenta?

Un bolígrafo.

Alguén imprescindible?

Todas as persoas que están afectivamente próximas a min, a miña familia.

Que é a vida?

Algo demasiado efémero supoño. Non sei que é a vida. Un tránsito, un espazo de tempo que debemos aproveitar. Xa sabía que me ías facer preguntas difíciles.